



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

24 SEP. 2024 19:50:45

Entrada **41366**

## Sobre a liberalización das peaxes da AP9 no tramo Santiago- Padrón polas obras na N550 no Milladoiro

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de liberar as peaxes na AP9 no tramo Padrón a Santiago de Compostela polas obras na N550 no Milladoiro (Ames).**

A AP9 é a principal arteria de comunicación na Galiza e vertebra o transporte, tanto de persoas como de mercadorías, de todo o eixo atlántico galego de norte a sur. É unha autoestrada que articula un territorio con máis de 70% da poboación, os 3 aeroportos, todos os portos de interese xeral e tamén a maior parte da actividade económica e empresarial do noso País.

A prolongación da concesión da AP9 até o ano 2048 representa un importante problema do punto de vista social, económico e político para a Galiza. Que un elemento de mobilidade tan central sexa unha vía de pagamento coas portaxes máis altas do Estado español é un evidente lastre, non só para os usuarios e usuarias particulares, senón tamén para as empresas que ven gravados os custos de produción e de distribución como consecuencia do pagamento de peaxes.

Isto vese agravado por 3 feitos. En primeiro lugar porque na Galiza carecemos dun sistema de transporte público á altura das necesidades que estructure a mobilidade interna de forma racional, tanto para pasaxeiros como para mercadorías. En segundo lugar, pola nosa peculiar forma de habitar o territorio, cunha poboación dispersa que acentúa a dependencia do vehículo privado e, en terceiro lugar, porque temos unha posición xeograficamente periférica na península e en Europa o que, combinado cos aspectos anteriores,

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

24 SEP. 2024 19:50:45

Entrada **41366**



fainos practicamente cativos do transporte por estrada, especialmente ás empresas galegas que queren mover os seus produtos ou sacalos fóra do noso país.

Todos estes motivos teñen levado ao BNG a defender unha reclamación sostida no tempo para lograr unha AP9 galega e libre de peaxes. Consideramos que neste momento, despois de coñecerse o procedemento de infracción aberto pola Comisión Europea ao Goberno español sobre a nulidade da prórroga que no ano 2000 o Goberno de Aznar, do Partido Popular, prolongou durante 25 anos máis até 2048, o negocio seguro para AUDASA a costa de todos os galegos e galegas, temos unha oportunidade de ouro para lograr o noso obxectivo, rematar por completo coas peaxes da AP-9 que lastran a nosa economía.

É precisamente o elevado custo das peaxes o que serve, en moitos casos, como elemento disuasor e fai que moito do tránsito que podería ser perfectamente absorbido pola AP9 circule por estradas convencionais, principalmente a N550, única vía alternativa, obrigando a soportar a circulación de tráfico pesado por moitos núcleos, ralentizando o tránsito, incrementando os tempos e, tamén, a inseguridade e a sinistralidade.

En tanto non consigamos unha AP9 libre de portaxes, o BNG ten reclamado e conseguido medidas que permitan facilitar o tránsito e repercutir positivamente nas economías familiares e empresariais. Resultado desta preocupación son as bonificacións que neste momento están xa vixentes na AP9 e que deben ser neste ano incrementadas para as e os viaxeiros superrecorrentes, unha medida que é resultado do acordo de investidura conseguido polo BNG.

Mais tamén temos presentado outras propostas no Congreso, como exixir a gratuidade das peaxes en determinados tramos da autoestrada en que, polo volume do tráfico, ser zonas de intensidade de circulación por situarse en áreas metropolitanas ou para o transporte de mercadorías, sería preciso que se articulase xa, neses tramos a gratuidade. Tamén para o caso de obras que dificultan o tráfico nas vías convencionais, polo que o tránsito pola AP9 é a



única alternativa para aliviar os atascos e longas esperas das persoas usuarias. Poñamos por exemplo as emendas rexistradas aos Orzamentos Xerais do Estado nos últimos anos en que se propón esta medida e nas que as forzas estatais se alternan para votar en contra impedindo que saia adiante.

Esta última circunstancia é a que van a padecer as e os miles de condutores que circulan diariamente pola N550 despois de que o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel dese comezo este pasado luns, 23 de setembro, ás obras para a humanización da travesía do Milladoiro en Ames. Unha actuación que se prevé que se prolongue até finais do 2025, é dicir, máis dun ano de atrancos para a mobilidade por estrada para todos os vehículos que teñen que acceder ou saír polo sur de Santiago de Compostela, pois vaise proceder a reducir secuencialmente de 2 a un só carril por sentido nos tramos en obras.

A pesar da recomendación de itinerarios alternativos non cabe dúbida de que a única vía que realmente podería supor un alivio para a intensidade do tráfico, reducindo enormemente a presenza de vehículos na N550, especialmente a de transporte pesado e de mercadorías, é a AP9. É por este motivo que reclamamos o levantamento da peaxe no tramo entre Padrón e Santiago favorecendo así unha circulación áxil e segura de todas as persoas que deben usar no seu día a día o traxecto de Padrón a Santiago.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. Está en disposición o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel do Goberno do Estado a liberar de peaxe o tramo da AP9 entre Santiago de Compostela e Padrón co obxectivo de facilitar o tránsito afectado polas obras da N550 na travesía do Milladoiro (Concello de Ames)?
2. Non comparte o Ministerio que é preciso articular esta medida para favorecer a axilidade do tráfico durante a longa execución das obras de



humanización da travesía do Milladoiro que se prevé duren até finais de 2025?

3. É consciente o Ministerio que o fechamento parcial da N550 supón unha grande dificultade posto que é a principal vía alternativa gratuíta á AP9?
4. ¿Escoitará as reclamacións a este respecto elevadas ao Ministerio tanto por grupos políticos como por axentes sociais e persoas usuarias e levantará as portaxes neste tramo?

Madrid, a 24 de setembro de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la necesidad de liberar los peajes en la AP9 en el tramo Padrón a Santiago de Compostela por las obras en la N550 en O Milladoiro (Ames).**

La AP9 es la principal arteria de comunicación en Galiza y vertebra el transporte, tanto de personas como de mercancías, de todo el eje atlántico gallego de norte a sur. Es una autopista que articula un territorio con más del 70% de la población, los 3 aeropuertos, todos los puertos de interés general y también la mayor parte de la actividad económica y empresarial de nuestro País.

La prolongación de la concesión de la AP9 hasta el año 2048 representa un importante problema desde el punto de vista social, económico y político para Galiza. Que un elemento de movilidad tan central sea una vía de pago con los peajes más altos del Estado español es un evidente lastre, no solo para los usuarios y usuarias particulares, sino también para las empresas que ven grabados los costes de producción y de distribución a consecuencia del pago de peajes.

Esto se ve agravado por 3 hechos. En primer lugar porque en Galiza carecemos de un sistema de transporte público a la altura de las necesidades que estructure la movilidad interna de forma racional, tanto para pasajeros como para mercancías. En segundo lugar, por nuestra peculiar forma de habitar el territorio, con una población dispersa que acentúa la dependencia del vehículo privado y, en tercero lugar, porque tenemos una posición



geográficamente periférica en la península y en Europa lo que, combinado con los aspectos anteriores, nos hace prácticamente cautivos del transporte por carretera, especialmente a las empresas gallegas que quieren mover sus productos o sacarlos fuera de nuestro país.

Todos estos motivos han llevado al BNG a defender una reclamación sostenida en el tiempo para lograr una AP9 gallega y libre de peajes. Consideramos que en este momento, después de conocerse el procedimiento de infracción abierto por la Comisión Europea al Gobierno español sobre la nulidad de la prórroga que en el año 2000 el Gobierno de Aznar, del Partido Popular, prolongó durante 25 años más hasta 2048, el negocio seguro para AUDASA a costa de todos los gallegos y gallegas, tenemos una oportunidad de oro para lograr nuestro objetivo, finalizar por completo con los peajes de la AP-9 que lastran nuestra economía.

Es precisamente el elevado coste de los peajes lo que sirve, en muchos casos, como elemento disuasor y hace que mucho del tránsito que podría ser perfectamente absorbido por la AP9 circule por carreteras convencionales, principalmente la N550, única vía alternativa, obligando a soportar la circulación de tráfico pesado por muchos núcleos, ralentizando el tránsito, incrementando los tiempos y, también, la inseguridad y la siniestralidad.

Mientras no consigamos una AP9 libre de peajes, el BNG ha reclamado y conseguido medidas que permitan facilitar el tránsito y repercutir positivamente en las economías familiares y empresariales. Resultado de esa preocupación son las bonificaciones que en este momento están ya vigentes en la AP9 y que deben ser en este año incrementadas para las y los viajeros superrecurrentes, una medida que es resultado del acuerdo de investidura conseguido por el BNG.

Pero también hemos presentado otras propuestas en el Congreso, como exigir la gratuidad de los peajes en determinados tramos de la autopista en que, por el volumen del tráfico, ser zonas de intensidad de circulación por situarse en áreas metropolitanas o para el transporte de mercancías, sería preciso que se articulara ya, en esos tramos, la gratuidad. También para el caso de obras que



dificultan el tráfico en las vías convencionales, por lo que el tránsito por la AP9 es la única alternativa para aliviar los atascos y largas esperas de las personas usuarias. Pongamos por ejemplo las enmiendas inscritas a los Presupuestos Generales del Estado en los últimos años en que se propone esta medida y en las que las fuerzas estatales se alternan para votar en contra impidiendo que salga adelante.

Esta última circunstancia es la que van a padecer las y los miles de conductores que circulan diariamente por la N550 después de que el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible diese comienzo este pasado lunes, 23 de septiembre, a las obras para la humanización de la travesía del Milladoiro en Ames. Una actuación que se prevé que se prolongue hasta finales del 2025, es decir, más de un año de obstáculos a la movilidad por carretera para todos los vehículos que tienen que acceder o salir por el sur de Santiago de Compostela, pues se va a reducir secuencialmente de 2 a un solo carril por sentido en los tramos en obras.

A pesar de la recomendación de itinerarios alternativos no cabe duda de que la única vía que realmente podría suponer un alivio para la intensidad del tráfico, reduciendo enormemente la presencia de vehículos en la N550, especialmente la de transporte pesado y de mercancías, es la AP9. Es por este motivo que reclamamos el levantamiento del peaje en el tramo entre Padrón y Santiago favoreciendo así una circulación ágil y segura de todas las personas que deben usar en su día a día el trayecto de Padrón a Santiago.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Está en disposición el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible del Gobierno del Estado a liberar de peaje el tramo de la AP9 entre Santiago de Compostela y Padrón con el objetivo de facilitar el tránsito afectado por las obras de la N550 en la travesía del Milladoiro (Ayuntamiento de Ames)?



2. ¿No comparte el Ministerio que es preciso articular esta medida para favorecer la agilidad del tráfico durante la larga ejecución de las obras de humanización de la travesía del Milladoiro que se prevé duren hasta finales de 2025?
3. ¿Es consciente el Ministerio que el cierre parcial de la N550 supone una grande dificultad puesto que es la principal vía alternativa gratuita a la AP9?
4. ¿Escuchará las reclamaciones a este respecto elevadas al Ministerio tanto por grupos políticos, como por agentes sociales y personas usuarias y levantará los peajes en este tramo?

Madrid, a 24 de septiembre de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**